

PROGRAMA

CORAL POLIFÓNICA ALBRICIAS DE MACEDA

UNA LAGRIMA	F-A Rey Rivero
CASIÑAS BRANCAS	Habanera Popular
EN EL FONDO DEL MAR	Habanera Popular
MEU AMOR E MARIÑEIRO	M. Xosé L. Rivas
ANDURIÑA	arr. Angel Viro

CORO VOCES GRAVES LOS TEMPLARIOS DE CASTRO URDIALES

FELIZ RINCÓN	Nicolás Torre
EL MENÚ	Miguel Arregui Karl Zollnër
BOGA BOGA	Jesús Guridi
CON AIRE	Lucio Lázaro
VIENTO DEL NORTE	Hermanos Agüero

CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

PALOMA MENSAJERA	José Ruiz Gasch
BÉSAME MUCHO	Consuelo Velázquez/arr.José Blasco
AMALIA ROSA	Celestino Carrasco/arr.F. Menéndez Viejo
TORREVIEJA DE MIS AMORES	Manuel Díaz Cano
Habanera DON GIL DE ALCALÁ	Manuel Penella

AS CORAIS PRESENTES INTERPRETARÁN CONXUNTAMENTE:

VA PENSIERO da ópera Nabucco	Giuseppe Verdi
O VOSO GALO COMADRE	popular galega



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

ORGANIZA



DEPUTACIÓN
DE LUGO

COLABORA

PLAN
DEPUTACIÓN 2024
DE LUGO
DE COOPERACIÓN SGA CABALLEAS



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

XXIII Festival de Habaneras Concello de Monforte de Lemos

CORAL POLIFÓNICA
ALBRICIAS de MACEDA
CORO VOCES GRAVES LOS
TEMPLARIOS de CASTRO
URDIALES
CORAL POLIFÓNICA
CONCELLO de MONFORTE

SÁBADO 7 DE SETEMBRO 2024

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

CORAL POLIFÓNICA ALBRICIAS DE MACEDA

A Coral "Albricias" de Maceda, nace en Maceda no verán de 1986, cando un grupo de veciños desexan realza-los actos celebrados na honra da súa Patroa a Virxe das Neves. Dende a primeira canción que preparan toma o nome de "Albricias"; a partir dese momento, son innumerables os temas que interpretan de tipo popular, clásico, medieval, relixioso, etc...

No primeiro ano da súa andaina, ofrece en Maceda un concerto de Reis que se transforma nunha tradición da vila, xunto cos Concertos de Primavera, San Pedro, patrón da Vila, e a Festa en honor a Nosa Señora das Neves, misa do Peregrino da Catedral de Santiago de Compostela, Misa dominical na Igrexa San Martiño Pinario. Organiza na súa vila tres concertos anuais en colaboración co Concello de Maceda e con prestixiosas corais de fora e dentro da provincia, en Ourense; ofrece distintos concertos no Teatro Principal, participando no Festival de corais que organiza a Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Participa en numerosos encontros polifónicos celebrados a nivel provincial. Son protagonistas dun emocionante Concerto e Misa no País Vasco con motivo do "Día das Letras Galegas". Interpretan a música das Misas retransmitidas por T.V.G. dende Santiago de Compostela e tamén participou nun programa realizado en Maceda "Dende Galicia para O Mundo"; e T.V.E dende o Santuario dos Milagros. No ano 96 grava o seu primeiro CD de música popular galega que leva por título "Morriña".

Neste último período, concretamente nos dous anos anteriores amplía o seu repertorio de cara a época medieval; A Vila de Maceda celebra a Festa Medieval e Gastronómica do Leitón no entorno do Castelo e por este motivo especialmente, a Coral ofrece a súa participación nun concerto de música medieval.

Participa no Festival de Panxoliñas no Auditorio Provincial de Ourense e no Teatro García Barbón de Vigo. Realiza unha misa con motivo das festas Patronais na honra a "San Benito" no concello de Allariz, e a continuación un concerto na casa da Cultura da mesma localidade.

Participa no VI Certame Internacional de Rondallas e Corais Celebrado nas Festas do Santiago Apostol na Ponte (Ourense), na que foi a coral gañadora do 1º Premio absoluto.

Participa no XIII Festival Internacional de Canto Coral en París, facendo unha xira de concertos e rematando nunha gala no palacio da UNESCO participando con varias corais de Europa. Viaxa a Terras da Feira en Oporto (Portugal), para participar no 43 Certame Internacional de Corais, onde realiza unha serie de concertos de fin de semana, participando con Corais prestixiosas de Portugal, onde fan un intercambio cultural moi importante.

Na actualidade **Tito González**, pretende ampliar a súa faceta artística e desenvolver os seus coñecementos musicais no eido coral. Afronta este novo reto con grande ilusión e pretende situar a esta coral macedana composta por 28 membros na actualidade, en lugares destacados do panorama musical da nosa comunidade.



CORO VOCES GRAVES LOS TEMPLARIOS DE CASTRO URDIALES

O Coro de Voces Graves Los Templarios nace como asociación cultural de Voces Graves en 1989, para conservar e difundir o repertorio de obras compostas para voces masculinas e manter a vocación coral tan arraigada do seu entorno.

A orixe de Los Templarios como grupo coral comeza no ano 1973, sendo o coro actual herdeiro dun dos ochotes mais coñecidos e premiados do norte da península: o Ochote Los Templarios.

En 1989 e baixo a dirección de Jesús María Piedra, comeza a fase como Coro de Voces Graves Los Templarios, nome que toma do antigo castelo, atribuído á orde dos Templarios ubicado no nosa localidade. En 1996 Cristina Arroyo toma a dirección e dende o ano 2000 Izaskun Franco. Os Templarios participaron en innumerables xornadas, festivais, aparicións en radio e televisión, concursos e diversas colaboracións. Gravaron dous DCs. Un primeiro disco "Homenaje a Paco Labiano" e un novo CD con obras polifónicas e sacras de actualizado repertorio e acompañamento de piano.

No seu compromiso por difundir a música coral organiza na igrexa de Sta. María cada mes de novembro o Ciclo "Otoño Musical" que no 2024 cumprirá a súa XXXVIII Edición. A lista de agrupacións corais tanto nacionais como internacionais que participaron ao longo das súas edicións é extensa e de recoñecida calidade artística.

A solidariedade, apoio e aportacións aos mais necesitados e desfavorecidos tamén teñen espazo na labor social do coro, contribuíndo con diversas organizacións e ofrecendo un concerto benéfico no mes de xullo.

En xullo de 2015 faise cargo da dirección musical **José Luis Sáez**, herdeiro dunha saga de músicos castreños, José Luis foi director da Coral Santa María de Castro e da Coral Oihartzuna de Muskiz. Na Semana Coral de Portugalete, organizada pola Coral Lora Barri, José Luis Sáez obtivo o galardón do mellor director do evento. José Luis Sáez é, ademais, organista de Santa María da Asunción de Castro Urdiales.



CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Fúndase en marzo de 1996 e está composta por 45 voces mixtas, o seu repertorio inclúe música sacra, popular galega, habaneras, polifonía en castelán, panxoliñas...

Ten no seu haber numerosas actuacións a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional. Na nosa comunidade a coral polifónica de Monforte actuou en Ribadeo, Cee, Marín, Ourense, Pontedeume, O Grove, Mondoñedo, Lugo, Vigo, Pontevedra, etc... Así como en distintas partes do Estado como en León, Zamora e en varias localidades Asturianas como Cudillero, Villaviciosa, Mieres, La Felguera, etc..

Destacan a nivel internacional actuacións en Martigni (Suiza), Rennes (Francia), Cerdeña, Bolzano e Padua (Italia), Gotha (Alemania), Helsibor (Suecia), Oporto e Guimaraes (Portugal).

No ano 1999 gravou un CD de polifonía variada.

A dirección da coral corre a cargo de **Fernando Sanmartino Pérez**. Na actualidade compaxina a dirección da Coral coa de director do Conservatorio Municipal "Mestre Ibáñez" de Monforte de Lemos.